



## Concello de Lourenzá

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
JGL/2020/8	La Junta de Gobierno Local

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	27 de novembro de 2020
<b>Duración</b>	Desde as 10:10 ata as 11:00 horas
<b>Lugar</b>	Despacho da Alcaldía
<b>Presidida por</b>	rocio lopez garcia
<b>Secretario</b>	Begoña González Pedregal

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
76580879X	rocio lopez garcia	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

### APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR DE 29/10/20.

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Preguntados os membros da Xunta de Goberno, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data vinte e nove de outubro dous mil vinte (29/10/2020), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

### Expediente 430/2018. SOLICITUDE LICENCIA URBANÍSTICA VIVEIROS CABALEIROS S.L.REPARACIÓN CANLE

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por VIVEIROS CABALEIROS S.L. con CIF. B-27370337, e na súa representación D<sup>a</sup>.LARA RODRÍGUEZ GASALLA con NIF.\*\*\*\*4082J, con domicilio nas Prazas núm. 13, parroquia de Santa María, con data 31/10/2019, con rexistro núm. 2316 para a realización dos traballos consistentes en REPARACIÓN DUN CANAL EXISTENTE DE DERIVACIÓN DE AUGAS DO RÍO BAOS nas Plazas, parcelas con Referencia Catastral 8047008PJ3184N0001UK, 8047001PJ3184N0001DK, 27027B005060090000LW e 7948010PJ3174N0001PF na zona de policía do Río Baos e no territorio histórico do Camiño de Santiago Norte, Ruta da Costa, para o que acompaña Memoria Valorada redactada por D. José María Rodríguez Andía, ingeniero agrícola colegiado núm. 224.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

- 1.- A autorización da obra solicitada.  
Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 19/11/20 a saber:
  - Estricta suxeición ao solicitado.
  - Normativa aplicable: Solo non urbanizable común (solo rústico).
  - Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
  - Non se alterarán as aliñacións ni volumes existentes.
  - Cumpriranse as condicións e consideracións que figuran no punto 4.2 e 5 da Resolución da Consellería de Cultura e Turismo de data 20-11-18, expete 2018/1104 que literalmente se transcriben:

*"a) A altura dos novos muros non será superior á que teñen na*

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

actualidade.

B) Coidarase a execución dos muros de formigón de xeito que o seu acabado sexa o máis meticuloso posible.

c) Coas obras solicitadas non se modificará a traza nin dimensións da canle.

D Se durante a execución das obras aparecesen restos de muros ou fondo orixinais, deberán recuperarse.

e) A parcela obxecto da solicitude sitúase nun extremo do territorio histórico do Camiño de Santiago Norte, Ruta da Costa, segundo o Decreto 158/2014 do 27 de novembro, polo que se aproba a delimitación desta ruta xacobeá.

As obras propostas afectan a canle dun muíño reconstruída parcialmente con muros laterais e fondo de formigón. Preténdese reparar esta canle por mor dun problema de filtracións de auga cara ás vivendas e os predios lindeiros coa reconstrución destes fondos e paredes con formigón, e estender esta solución construtiva a outra parte da canle que estaría escavada na terra (segundo se indica na memoria achegada). Este muíño non está catalogado.

Cómpre recordar que segundo o artigo 91 da LPCG integran o patrimonio etnolóxico de Galicia os lugares, bens mobles ou inmobles, as expresións, así como as crenzas, coñecementos, actividades e técnicas transmitidas por tradición, que se consideren relevantes ou expresión testemuñal significativa da identidade, a cultura, e as formas de vida do pobo galego ao longo da historia. Presúmese o valor etnolóxico dos seguintes bens sempre que se conserven de forma suficiente a súa integridade formal e construtiva e os aspectos característicos que determinan a súa autenticidade, tales como os batáns e os muíños do río, de mareas ou de vento tradicionais, incluída a infraestrutura hidráulica necesaria para o seu funcionamento; as fontes e os lavadoiros comunais ou públicos de carácter tradicional, as pontellas tradicionais.

Consultados os arquivos de inventario de xacementos arqueolóxicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e mais o catálogo do Plan Básico Autonómico, non identificáse afeccións a xacementos arqueolóxicos coñecidos, e por tanto, non considero necesario establecer ningún tipo de cautela arqueolóxica.

Logo de ver o exposto, considero necesario que non se alteren o ancho e a traza da canle e que, no caso de que subsistan restos pétreos orixinais desta, se reutilicen e restauren nesta actuación."

Cumpríranse as condicións establecidas na Resolución do organismo autónomo de Augas de Galicia, Expte DH.W27.63032 de 31/08/2020, no que figuran, literalmente, as seguintes condicións xerais e particulares:

**"A.-XERAIS:**

1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.

2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

*servidumes legais existentes.*

*3.- Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.*

*4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.*

*5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.*

*6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.*

*7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.*

*8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.*

### **B.-PARTICULARES:**

*1.- As obras consistirán na reparación dunha canle existente de derivación de augas do río Baos, no lugar das Plazas, na parroquia de Santa María de Lourenzá, no Concello de Lourenzá (Lugo).*

*As obras divídense en dous tramos:*

*a) No primeiro tramo as obras consistirán no derribo dos muros de bloque dos laterais e en picar o fondo de formigón e reemplazalos por chan de formigón de 20 cm. de espesor sobre grella de ferro e encachado de pedra e muros do mesmo material. Este tramo ten unha lonxitude duns 38 m. e unha largura de 2,60 m., estaría limitada polo Muíño de Cabaleiros e a ponte que o cruza, segundo o esbozo achegado. As obras faríanse sen modificar as dimensións actuais.*

*b) No segundo tramo, situado na parte da canle que na actualidade está construída en terra e nalgunhas zonas ten muros de pedra de mampostería . Nesta zona restauraranse os muros de pedra para evitar as filtracións.*

*A finalidade das obras é conseguir a estanquidade da canle e impedir as filtracións de auga cara as edificacións anexas.*

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

2.- *Permítese o arranxo do tramo primeiro que actualmente se atopa executado con materiais de fábrica e formigón e o arranxo dos tramos da canle con muro de pedra de mampostería restaurando os muros de pedra naquelas zonas nas que existan filtracións. O tramo da canle que se atopa executado en terra deberá manter este material.*

3.- *As obras non modificarán as características xeométricas existentes da canle, que deberá manter as súas dimensións.*

4.- *Non se permite a execución de obras en mollado polo que, previamente á execución das mesmas, procederase ao peche da comporta de derivación ou mecanismo análogo que regule a entrada das augas cara á canle e ao secado da canle. Do mesmo xeito debe impedirse a entrada de auga cara á canle por retroceso a través do punto de restitucións das augas da canle no río Baos. O interesado non debe iniciar as obras ata que a canle se atope totalmente seca estanca e debe adoptar as medidas propostas ou outras precisas no caso de que as propostas non sexan efectivas para que se impida totalmente o paso da auga e se garanta a estanquidade precisa.*

5.- *En ningún caso, o cemento( ou materiais cementantes) ou a cal, ou calquera outro residuo que reaccione coa auga poderá entrar en contacto coa auga do río, o que podería producir contaminación grave das augas. A tal efecto deberán disporse as cautelas que sexan necesarias.*

6.- *Advírteselle ao titular que segundo os Mapas de Perigosidade e Risco de Inundación desenvolvidos por este organismo de conca, o río Baos, en parte da zona das actuacións están considerados dentro das Areas de Risco Pontencial Significativo de Inundación (ARPSI) de Galicia Costa. A estes efectos, o titular deberá tomar as medidas que considere axeitadas en materia de protección civil e será responsable dos danos que se poidan producir derivados da súa situación respecto do río.*

*Así mesmo, de conformidade coa normativa do Plan Hidrolóxico e o Regulamento do Dominio Público Hidráulico , o promotor presenta o 18/08/2020 unha declaración responsable na que expresa que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados , con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoptar para a súa protección.*


*O interesado deberá dar cumprimento efectivo e tanxible ao contido da declaración responsable e xurada achegada.*

*Deberá ter en conta este feito por se pode interferir na execución das actuacións.*

*A estes efectos, extremaranse as medidas de seguridade na execución das actuacións debido á localización das actuacións na Área de Risco Potencial Significativo de Inundación , polo que as obras non se executarán en época de chuvias e deberá estar atento aos episodios meteorolóxicos.*

*A zona de fluxo preferente e inundable pode consultarse no visor da web de Augas de Galicia na seguinte ligazón :<http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/>.*

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

7.- A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos. (5 m. medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias dos ríos e regatos), quedando en todo caso expedita.

8.-As obras realizaranse sen execución de vadeos nin uso de maquinaria pesada no interior do río Baos.

9.- Evitaranse as escorrentías e enturbamentos das augas do río polo que as obras executaranse estritamente en época de augas baixas e en períodos sen chuvias nin enchentes. A estes efectos, deberá establecer as medidas necesarias como pode ser sistemas físicos/barreiras. Será a súa responsabilidade no caso de que restos das obras ou augas sucias cheguen ao río.

10.- O interesado evitará o vertido de cascallos procedentes das obras, materiais de construción e produtos contaminantes cara o río, así como o depósito de calquera material na zona de servidume de leitos ( 5 m. medidos a partir da marxe do leito do río) ou en calquera lugar que poda ser alcanzado polas enchentes (zona de fluxo preferente e en zona inundable) ou no que as choivas poidan provocar arrastres cara ao río.

11.-En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais, establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de setembro polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación evaluación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e o deterioro.

12.- Non está permitido o lavado, valdeo da maquinaria, ferramentas, materiais ou utensilios con augas que poidan provocar a contaminación por incorporación aos ríos de forma directa ou indirecta.

13.- Non se permite cortar vexetación arbórea de ribeira, salvo autorización expresa deste organismo, nin o seu dano.

14.- A execución destes traballos non autoriza ao titular da propiedade do canle para derivar a auga do río a través dela, salvo que dispoña do preceptivo título de concesión administrativa para derivación de augas públicas e a derivación de augas se axuste ás condicións e aos caudais que, de ser o caso, se lle outorguen.

15.-En todo caso, o titular da propiedade do canle está obrigado a poñer un dispositivo de regulación do caudal na entrada da canle de derivación.

16.- No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, estadas o estruturas auxiliares temporais, adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade dos mesmos e non se situarán preferiblemente, na zona de fluxo preferente e zonas inundables. Estes elementos serán retirados inmediatamente unha

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

vez finalizadas as obras e no caso de alerta polas condicións metereolóxicas que o aconsellen o que será responsabilidade do promotor. Neste senso deberá estar atento aos episodios metereolóxicos e ao recollido na condición particular 6.

17.-No caso de que coa execución das obras haxa ocupación provisional o definitiva de parcelas alleas precisarse acordo cos seus titulares.

18.-Esta entidade pública non será responsable da solución técnica e estrutural elixida polo promotor.

19.-Lémbbraselle ao interesado a necesidade de cumprimento pola súa parte dos preceptos da normativa en materia de augas continentais e pesca fluvial que sexan de aplicación.

20.-Os residuos xerados durante a actuación deberán ser xestionados adecuadamente de acordo coa lexislación vixente.

21.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.

22.- As obras deberán estar rematadas no prazo de DOCE (12) MESES, a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, extinguíndose a validez da presente autorización unha vez transcorrido este prazo. No caso de non poder executalas no prazo establecido deberá solicitar PRÓRROGA con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.

23.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno."

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar trescentos trinta euros (330,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en once mil euros (11.000,00.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

### **Expediente 801/2019. SOLICITUDE LICENCIA VIVEIROS CABALEIROS S.L. PARA REHABILITACIÓN CUBERTA ALPENDRES.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por VIVEIROS CABALEIROS S.L. con CIF. B-27370337, e na súa representación D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ GASALLA con NIF.\*\*\*\*4082J, con domicilio en Rúa das Prazas núm.13,

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

Parroquia de Santa María, con data 31/10/2019 sendo rexistrada de entrada co núm. 2316, para a realización dos traballos consistentes en REHABILITACIÓN DE CUBERTA EN CONXUNTO DE ALPENDRES EXISTENTES

(4) sita no lugar das Plazas núm.13, parroquia de Santa María onde exerce a actividade Viveiros Cabaleiros S.L., na parcela con Referencia Catastral 7948010PJ3174N0001PF, na zona de policía do Río Batán e no territorio histórico do Camiño de Santiago Norte, para o que acompaña Memoria Valorada redactada pola Arquitecta, D<sup>a</sup>. Beatriz López Marcos, colexiada núm. 3495 del COAG.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 12/11/20 a saber:

- Estricta suxeición ao solicitado.

- Normativa aplicable: Solo Urban. Ordenanza 01A- Residencial Intensiva en Liña.

-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Non se alterarán as aliñacións ni volumes existentes.

- Cumpriranse as condicións que figuran no punto 1.2 da Resolución da Consellería de Cultura e Turismo de data 27/01/2020, expediente 2019/2497 que se transcriben literalmente: "*a) Procurarase a conservación dos beirados existentes, evitando a introdución de elementos alleos. Se as pezas dos beirados de madeira existentes se deteriorasen durante as obras, deberán ser repostos por elementos de semellantes características e dimensións.*

*b) Para o remate dos cumes deberase empregar a solución tradicional baseada no entrelazado das pezas de xistro e a superposición dun faldrón sobre ó adxacente, evitando engadir elementos estraños como son as tellas ou os perfís metálicos propostos."*

- Cumpriranse as condicións establecidas na Resolución favorable do organismo autónomo de Augas de Galicia, Expediente DH.W27.69700 de data 31/08/2020, que se transcriben literalmente:

**"A.-XERAIS:**

1.- *As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.*

2.- *Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.*

3.-*Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.*

4.- *A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos*

Concello de Lourenzá







## Concello de Lourenzá

conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.

5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinala o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.

6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.

7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.

8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

### B.-PARTICULARES:

1.- As obras consistirán no cambio ou substitución da cuberta de catro edificacións no predio con referencia catastral 7948010PJ3174N0001PF, no lugar das Plazas, na parroquia de Santa María, no Concello de Lourenzá (Lugo) na zona de afección do río Batán.

2.- Esta autorización outórgase sobre a base de que neste momento non hai unha liña de deslinde definitivo do río e dado o ano de construción ( anos sesenta segundo o catastro) e que se trata de obras de conservación e mantemento de edificacións xa existentes, polo que a actuación non debería supor un aumento da afección ao dominio público hidráulico e/ou ás súas marxes ou causar outros danos neles, sempre que se realice cunha correcta execución.

As obras que se autorizan deberán limitarse aos traballos de mantemento sinalados, sen aumentar as súas dimensións nin en forma nin en volume construído, sen que esta autorización supoña a legalización da obra preexistente. Neste senso, o titular asume a realización das obras tendo en conta que deberá estarse, de ser o caso, ao disposto na Lei de Augas e no seu RDPH, e en todo caso, tendo en conta o carácter inalienable, imprescritible e inembargable do dominio público hidráulico.

3.-As obras non implicarán o cambio de uso nas edificacións.

4.- A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos. (5 m. medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias dos ríos e regatos), quedando en todo caso expedita.

## Concello de Lourenzá






## Concello de Lourenzá

- 5.- Para a realización dos traballos non se invadirán os leitos públicos con maquinaria nin se vadearán.
- 6.-Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas de vexetación de ribeira, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de conca.
- 7.-De xeito xeral, as obras non alterarán o réxime hidrolóxico da zona e as augas discorrerán polos lugares polos que o farían de xeito natural.
- 8.- Evitaranse as escorrentías e enturbamentos das augas, polo que as obras se executarán en condicións climatolóxicas favorables. No caso de ser necesarios durante a execución das obras, implementaranse sistemas físicos/barreiras.
- 9.-Durante a execución das obras e unha vez rematadas, non se deixarán depósitos de residuos das obras no leito nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable do rego), nin en lugares susceptibles de incorporarse a el durante as enchentes ou por episodios de choivas. Extremaranse as precaucións con retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.
- 10.-Durante a execución das obras evitaranse o vertido de produtos contaminantes ou materiais de obra cara aos leitos, na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar no que poda ser alcanzado polas enchentes ou durante os episodios de choivas (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable). De xeito especial, prohibese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, materiais de pintado ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción. Deberase ter tamén precaución coa canle dun muíño que se atopa lindando coa parcela, para evitar a contaminación destas augas.
- 11.--En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais, establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de setembro por el que se establecen los criterios de seguimiento y evaluación del estado de las aguas superficiales e las normas de calidad ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de outubro, por el que se regula la protección de las aguas subterráneas contra la contaminación y el deterioro.
- 12.- No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, andamios ou estruturas auxiliares temporais similares no exterior do edificio, estas colocaranse preferentemente fóra da zona de servidume de leitos públicos, da zona de fluxo preferente e zonas inundables, e, en todo caso, adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade delas así como todas as medidas de seguridade precisas, colocaranse o tempo mínimo imprescindible. Neste

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

*senso debe estar atento ás previsións metereolóxicas e ás alertas por enchentes, sendo responsabilidade do solicitante a retiradas destes elementos.*

*13.-Será responsabilidade do solicitante a adopción e transmisión aos usuarios das posibles medidas de prevención e/ou protección de bens e persoas a adoptar no caso de producirse enchentes que puideran afectar ás construcións. Recoméndase ao promotor que poña en coñecemento dos futuros usuarios das construcións o recollido no Anexo VIII (“Consellos á poboación ante o risco de inundacións”) da Resolución de 4 de outubro de 2016 pola que se publica o Plan Especial de Protección Civil ante o risco de inundacións en Galicia (INUNGAL).*

*14.-Os residuos xerados durante a actuación deberán ser xestionados adecuadamente de acordo coa lexislación vixente. Especial precaución deberá terse co fibrocemento no caso de ter amianto, debendo xestionarse correctamente e manipularse/retirarse seguindo a normativa vixente por unha empresa autorizada.*

*15.- Os traballos non se executarán preferentemente en época de chuvias nin de enchentes previstas. Lémbrales ao promotor a posibilidade de consulta das previsións meterolóxicas nas webs públicas dos organismos competentes na materia para a planificación dos traballos (sección de “Avisos” de Meteogalicia e “Plan Meteoaleta do AEMET)*

*16.-Esta entidade pública non será responsable da solución técnica e estrutural elixida polo solicitante.*

*17.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.*

*18.- As obras deberán estar rematadas no prazo de DOCE (12) MESES, a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, extinguíndose a validez da presente autorización unha vez transcorrido este prazo. No caso de non poder executalas no prazo establecido deberá solicitar PRÓRROGA con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.*

*19.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno.”*

*- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 24 meses.*

*Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar mil oitocentos sesenta euros (1860,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en sesenta e dous mil euros (62.000,00.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenz

### Expediente 576/2020.SOLICITUDE LICENZA DICSE MONDOEDO-FERROL, CUBERTA MOSTEIRO SAN SALVADOR

**Favorable**

**Tipo de votacin:**  
Unanimidade/Asenti-  
mento

Vista a solicitude de licencia formulada pola DICSES MONDOEDO-FERROL, con CIF. R1500019C, e na sa representacin D. Xoan Xos Fernndez Fernndez, con NIF.\*\*\*\*5537V, con domicilio C/Miramar s/n (15041 Ferrol) e Plaza da Catedral s/n (27740 Mondoedo), con data 03/11/2020, sendo rexistrada de entrada co nm. 251, para a realizacin dos traballos consistentes en OBRAS URXENTES NA CUBERTA DO MOSTEIRO DE SAN SALVADOR sito no lugar de Muno do Frade nm. 28, parroquia de Santa Mara, na parcela con Referencia Catastral 7848002PJ3174N0001LF na zona de afeccin do Ro Baos, e no territorio histrico do Camio de Santiago Norte-Ruta da Costa, tratndose adems dun ben de inters cultural e valor patrimonial de primeiro orden, para o que acompaa Memoria Valorada redactada por la arquitecta Da. Mara Gonzlez Rumbo, colegiada nm. 3237 del COAG.

Vista a documentacin presentada as como os informes xurdico e do Tcnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorizacin da obra solicitada.

Condicionar a efectividade da licenza s seguintes limitacins ou restricins especficas, segundo consta no informe do Arquitecto Tcnico Municipal, D. Francisco Damin Prez Rodrguez de 23/11/20 a saber:

- Estrita suxeicin ao solicitado.

- Normativa aplicable: Plan Especial de Proteccin de Vilanova de Lourenza. O Mosteiro de San Salvador ten a consideracin de BIC vinculado ao territorio histrico do Camio de Santiago. Ruta Norte.

-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Non se alterarn as alinacins ni volumes existentes.

- Teranse en conta as cautelas, exigencias e criterios de intervencin indicadas na Resolucin da Consellera de Cultura de data 28/10/2020 que a continuacin se transcriben:

1.- *Debe prevalecer o criterio de conservacin integral da estrutura de madeira da cuberta, en especial das pezas principais e todas aquelas que de forma singular caractericen a formalizacin da estrutura de soporte das cubertas.*

2.- *As trabes e pezas de madeira, ou calquera de outro material que sexa necesario retirar acopiaranse no inmovible debidamente protexidas e colocadas para garantir a sa conservacin e posterior reutilizacin se fose o caso.*

3.- *A cuberta provisional de chapa executarase baixo un criterio de aproximacin cromtica  cuberta de lousa tradicional e de aproximacin formal  cuberta actual. Ponerase atencin  resolucin dos beirs, cumios*

**Concello de Lourenz**

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenz. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

*e encontros co resto dos faldóns para acadar un resultado de integración formal e visual suficiente.*

*4.- A solución temporal agora adoptada como medida auxiliar de emerxencia para garantir a salvagarda do monumento debe ser revisada e no seu caso substituída por unha solución máis axeitada aos valores culturais protexidos nun prazo non superior aos catro anos.*


Consta no expediente comunicación de Augas de Galicia no sentido de que a declaración responsable presentada en Augas de Galicia cumpre o disposto no Decreto 42/2020 de 30 de xaneiro polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia da augas, expediente DH.W27.73925.

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

O presuposto total da obra ascende a OITENTA E SETE MIL SEISCIENTOS SESENTA E UN EUROS (87.661,00.-), non obstante neste caso, o promotor, ao tratarse do Obispado de Mondoñedo e a obra afectar ao Mosteiro de San Salvador, disfruta da exención total e permanente no imposto de Construcións, Instalacións e Obras de conformidade co disposto na Orden EHA/2814/2009 de 15 de outubro que modifica o apartado segundo da Orden do Ministerio de Facenda de 5 de xuño de 2001 pola que se aclara a inclusión do ICIO na letra B) do apartado 1 do artigo IV, do acordo entre o Estado Español e a Santa Sede sobre Asuntos Económicos de 3 de xaneiro de 1979. A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Concello de Lourenzá**

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506



Cod. Validación: 7SESPRYAGFTGQMQLXCLFLWKE | Corrección: <https://concellodeLourenzã.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 53



## Concello de Lourenz

### Expediente 374/2019. SOLICITUDE CUALIFICACIN DEFINITIVA EXPDTE.L-AR-0039/20 DE D.MANUEL CASTRILLN LAMAS (ARI 2018-2021-9 FASE)

**Favorable**

**Tipo de votacin:**  
Unanimidade/Asent  
imento

Visto o informe emitido pola arquitecta da Area de Rehabilitacin Integral e Zona de Respecto (A.R.I.), D. Marta Snchez Seivane, de data 12/11/20, no que se informa favorablemente a concesn da Cualificacin Definitiva  actuacin de rehabilitacin solicitada no expediente L-AR-0039/20 (Gestiona 374/2019) promovido por D. MANUEL CASTRILLN LAMAS con NIF. Nm.33691543Q, para Rehabilitacin de Cuberta en Vivenda Unifamiliar, sita en Avenida do Val nm. 18, parroquia de Santa Mara (Lourenz). No dito informe faise constar que:


- Que as actuacións para as que se solicita subvencin foron executadas na sa totalidade, dentro dos prazos e de acordo coa cualificacin provisional.
- Que para a sa execucin se contou con todas as autorizacins necesarias.
- Certificado final de obra asinado por tcnico competente e fotografas do estado definitivo das obras.
- Que as facturas e documentos bancarios de pago de as ditas actuacións estn pagadas pola persoa beneficiaria que figura na cualificacin provisional.
- Que as obras indicadas levronse a cabo de acordo s especificacins contidas no ttulo habilitante municipal e  documentacin tcnica aportada polo promotor.
- Que se compren os requisitos establecidos no Real Decreto 106/2018 do 9 de marzo, relativos tanto  actuacin como  persoa e  entidade beneficiaria, polo que se emite Informe favorable  concesn da Cualificacin Definitiva  actuacin de rehabilitacin solicitada no expediente de referencia coas especificacins nel establecidas.

Visto que por Resolucin de data 20/05/20 da Xefatura Territorial do IGVS foi outorgada a Cualificacin Provisional, Expediente L-AR-0039/20.

A Xunta de Goberno Local, en votacin ordinaria e por unanimidade dos catro membros presentes na sesin e que constiten o seu nmero legal, ACORDOU:

**PRIMEIRO.-** Ratificar a execucin da obra REHABILITACIN DE

## Concello de Lourenz





## Concello de Lourenzá

